



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal xeral de xestión, inspección e recadación Concello de Arteixo

ANUNCIO.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO. APROBACIÓN DEFINITIVA.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 26 de novembro de 2020, tomou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal Xeral de Xestión, Inspección e Recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público locais.

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 205 de 1 de decembro de 2020) e en La Voz de Galicia de 28 de novembro de 2020, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación provisional da modificación, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor.

RECURSOS PROCEDENTES: Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL

ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DOS TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO LOCAIS

TÍTULO PRELIMINAR : PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza Xeral, dictada ó abeiro do previsto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 15 a 19 de la Lei reguladora das Facendas Locais, ten por obxecto establecer os principios básicos e normas comúns relativas á xestión, recadación e inspección dos ingresos que constitúen a Facenda Municipal.

2. As normas desta ordenanza consideraranse parte integrante das respectivas Ordenanzas particulares dos distintos tributos e das regulacións ou textos normativos dos diferentes prezos públicos, en todo o que non estea especialmente regulado en cada unha das regulamentacións particulares.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

1. A presente Ordenanza aplicarase na xestión dos ingresos de Dereito público do que a titularidade corresponda ó Concello, ou ós seus Organismos Autónomos.

2. Esta Ordenanza, así como as Ordenanzas fiscais, obrigarán no termo municipal de Arteixo e aplicaranse de acordo cos principios de residencia efectiva e territorialidade, segundo a natureza do dereito.

3. Previo Informe do Interventor e Tesoureiro, a Alcaldía poderá dictar Decretos comprensivos de disposicións interpretativas e aclaratorias desta Ordenanza e das Ordenanzas reguladoras de cada exacción.

ARTIGO 3. Interpretación das Ordenanzas

1. Non se admitirá a analogía para estender mais alá dos seus termos estrictos o ámbito do feito impositivo ou o das exencións ou bonificacións.

2. Para evitar a fraude de lei entenderase, ós efectos do número anterior, que non existe extensión do feito imponible cando se graven feitos realizados co propósito probado de eludir o tributo, sempre que produzan un resultado equivalente ó derivado do feito imponible. Para declarar que existe fraude de lei será necesario un expediente especial no que se aporte pola Administración a proba correspondente e se lle dea audiencia ó interesado.

Sección I: Da Xestión Tributaria

TÍTULO I : CONCEPTOS XERAIS

Capítulo I : OS TRIBUTOS. AS SÚAS CLASES

ARTIGO 4.

A Facenda do Concello estará integrada polos seguintes recursos:

- a. Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais ingresos de dereito privado.
- b. Os tributos propios clasificados en Taxas, Contribucións Especiais e Impostos e os recargos esixibles sobre os impostos das Comunidades Autónomas ou doutras Entidades Locais.
- c. As participacións nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma.
- d. As subvencións.
- e. Os prezos públicos.
- f. O produto das operacións de crédito.
- g. O produto das multas e sancións no ámbito das súas competencias.
- h. As demais prestacións de dereito público.

Capítulo II : ELEMENTOS DA RELACIÓN TRIBUTARIA.

ARTIGO 5. O feito imponible

1. O feito imponible e o presuposto de natureza xurídica ou económica fixado pola lei e a ordenanza fiscal particular para configurar cada tributo e co cal se orixina o nacemento da obriga tributaria.

2. Cada Ordenanza Fiscal particular, de acordo co previsto na lei, completará a determinación concreta do feito imponible, causas de non suxeición así como as condicións en que nace a obriga de contribuír.

ARTIGO 6. O Suxeito pasivo

Suxeito pasivo é a persoa natural ou xurídica que segundo a Ordenanza particular de cada exacción resulta sometida ó cumprimento das obrigas tributarias, sexa como contribuínte ou como substituto do mesmo.

ARTIGO 7. Base imponible

Enténdese por base imponible:

- a. O parámetro de cuantificación do feito imponible como módulo de imposición cando a débeda tributaria veña determinada por cantidades fixas.
- b. O aforo en unidades de cantidade, peso ou medida do feito imponible, sobre o que se aplicarán a tarifa pertinente para chegar a determinar a débeda tributaria.
- c. A valoración en unidades monetarias do feito imponible tido en conta pola Administración Municipal, sobre a que unha vez practicadas, no seu caso, as reducións determinadas nas respectivas ordenanzas particulares, aplicárase o tipo pertinente para chegar á determinación da débeda tributaria. A Ordenanza particular de cada tributo establecerá os medios e métodos para determinar o valor base de imposición.

ARTIGO 8. Determinación da base.

Na ordenanza propia de cada tributo estableceranse os medios e métodos para determinar a base de gravame dentro dos réximes de estimación directa ou indirecta, segundo os medios previstos na propia Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 9. Base liquidable

Entenderase por base liquidable o resultado de practicar, no seu caso, na base imponible as reducións establecidas pola lexislación aplicable, ou as que, en base á mesma, establece a Ordenanza Fiscal correspondente.

ARTIGO 10. Reducións, exencións e bonificacións

Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reducións que as concretamente autorizadas pola lei ou por tratados internacionais validamente ratificados por España ou, ó seu abeiro, polas Ordenanzas Fiscais particulares.

Capítulo III : A DÉBEDA TRIBUTARIA**ARTIGO 11. Determinación da cota tributaria**

A cota determinarase:

- a. Segundo cantidade fixa, sinalada ó efecto na correspondente Ordenanza Fiscal.
- b. Segundo tarifas establecidas nas Ordenanzas Fiscais particulares, que se aplicarán sobre a base imponible a que se refire o artigo 7.b) da presente ordenanza.
- c. Por aplicación á base imponible prevista no artigo 7.c), do tipo de gravame proporcional ou progresivo que corresponda.
- d. Globalmente nas contribucións especiais para o conxunto dos obrigados a contribuír, pola porcentaxe do custo das obras e instalacións que se imputa ó interese particular, cun máximo do 90% do custo, distribuíndose a cota global por partes alicuotas entre os suxeitos pasivos, conforme a módulos que se fixarán na respectiva Ordenanza ou texto normativo.

ARTIGO 12. A débeda tributaria

A débeda tributaria é a cantidade debida polo suxeito pasivo á Administración Municipal e está integrada por:

- a. A cota tributaria.
- b. Os recargos esixibles legalmente sobre as bases ou as cotas, xa sexan a favor da Tesourería Municipal ou de outros Entes Públicos.
- c. Os xuros de demora que será o interese legal do diñeiro vixente o día que comece o devengo de aquel, incrementado nun 25%, agás que a Lei de Presupostos Xerais do Estado estableza un diferente.

d. O recargo da vía de constrinximento.

e. As sancións pecuniarias.

ARTIGO 13. Extinción da débeda tributaria

A débeda tributaria extínguese:

- a. Polo pago ou cumprimento.
- b. Pola prescrición.
- c. Por compensación.
- d. Por condonación.
- e. Por insolvencia probada ou paradeiro descoñecido do debedor, nos termos previstos nos artigos 78 a 80 da presente Ordenanza.

ARTIGO 14. O pago

O pago dos tributos ós que é de aplicación a presente Ordenanza Xeral regularase, en canto a medios, modo, prazos e demais extremos que suscite, polos artigos 58 a 62 desta ordenanza.

ARTIGO 15. Prescrición

Prescribiran ós catro anos os seguintes dereitos e accións:

- a. O dereito da Administración municipal para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación, dende o día en que finalice o prazo regulamentario para presentar a correspondente liquidación ou autoliquidación.
- b. A acción para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas, dende a data en que remate o período voluntario.
- c. A acción para impoñer sancións tributarias, dende a data en que se cometeron as respectivas infraccións.
- d. O dereito á devolución de ingresos indebidos, contado desde o día en que se fixo dito ingreso indebido.

O prazo de prescrición das débedas non tributarias determinarase en base á normativa particular que regule a xestión das mesmas. Se non existira previsión específica na lei reguladora do recurso de Dereito público non tributario, aplicarase o prazo de prescrición de cinco anos, establecido no artigo 40 da Lei Xeral Presupostaria.

ARTIGO 16. Interrupción da prescrición

1. Os prazos de prescrición a que se refiren os apartados a), b) e c) do artigo anterior, interrómpanse:

a. Por calquera acción administrativa realizada con coñecemento formal do suxeito pasivo, conducente ó recoñecemento, regulación, inspección, aseguramento, comprobación, liquidación e recadación do tributo devengado por cada feito imponible.

b. Pola interposición de reclamacións ou recursos de calquera clase.

c. Por calquera actuación do suxeito pasivo conducente ó pago ou liquidación da débeda tributaria.

2. O prazo de prescrición a que se refire a letra d) do artigo anterior interromperase por calquera acto fidedigno do suxeito pasivo que pretenda a devolución do ingreso indebido, ou por calquera acto da Administración Municipal en que se recoñeza súa existencia.

3. A prescrición será aplicada de oficio, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o suxeito pasivo, e será declarada polo Tesoureiro, que anualmente instruirá expediente colectivo referido a todas aquelas débedas prescritas no ano. Este expediente, fiscalizado polo Interventor, someterase a aprobación do Alcalde-Presidente.

4. Producida a interrupción da prescrición, iniciarase de novo o cómputo do prazo para a mesma a partir da data da última actuación do suxeito pasivo ou obrigado ó pago, ou da Administración. Esta prescrición xerada eo por igual para o suxeito pasivo e para os demais responsables, supoñendo a extinción da débeda tributaria.

ARTIGO 17. *Compensación*

As débedas a favor da Facenda Municipal que se atopen en fase de xestión recadatoria, tanto voluntaria como executiva, poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación cos créditos recoñecidos polo Concello a favor do debedor, de acordo co previsto nos artigos 74 a 77 da presente ordenanza.

ARTIGO 18. *Condonación*

1. As débedas só poderán ser obxecto de condonación en virtude de lei, na contía e cos requisitos que na mesma se determinen.

2. A condonación extingue a débeda nos termos previstos na lei que a outorgue.

Título II: *NORMAS DE XESTIÓN*

Capítulo I : *NORMAS COMÚNS*

ARTIGO 19. *Principios Xerais*

1. O Concello de Arteixo desenvolve a xestión dos tributos propios e demais ingresos de dereito público, agás aqueles que a xestión, inspección e recadación foi delegada na Excma Deputación Provincial (IBI, IAE, IVTM).

2. A xestión de tributos e demais ingresos de dereito público será dirixida, baixo a superior competencia do Pleno da Corporación, polo Alcalde-Presidente.

3. A xestión de tributos comprende tódalas actuacións necesarias para a determinación e liquidación da débeda tributaria, ademais daquelas conducentes á súa recadación e estará encomendada ós servizos municipais correspondentes, agás que pola Ordenanza respectiva se encomenden a unha unidade distinta.

4. Os actos da determinación das bases e débedas tributarias gozan de presunción de legalidade que só poderá destruírse mediante revisión, revogación ou anulación practicadas de oficio ou mediante os recursos pertinentes.

5. Serán competencia do Alcalde-Presidente en materia de xestión tributaria as especificadas na lexislación vixente, así como aquelas especificadas no artigo 44 da presente Ordenanza, sen prexuízo dos acordos de delegación noutros órganos administrativos, podendo dictar, previo informe da Secretaria ou da Intervención, segundo proceda, Instrucións e Circulares sobre as Ordenanzas Municipais reguladoras dos tributos e ingresos de dereito público, ós efectos de facilitala súa comprensión e aplicación.

6. Será competencia do Concello Pleno en materia de xestión tributaria as especificadas na lexislación vixente, así como aquelas especificadas no artigo 43 da presente Ordenanza, sen prexuízo dos acordos de delegación noutros órganos administrativos.

ARTIGO 20. *Iniciación da xestión*

A xestión de tributos iniciarase:

- a. Por declaración ou iniciativa do suxeito pasivo.
- b. De oficio.
- c. Por actuación investigadora dos órganos administrativos.

ARTIGO 21. *Declaracións tributarias*

1. Considerarase declaración tributaria todo documento polo que se manifeste ou recoñeza que se deron as circunstancias ou elementos dun feito impositivo ou que produza efectos tributarios.

2. A declaración deberá presentarse dentro dos prazos determinados en cada Ordenanza particular e, en xeral, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes a aquel en que se produza o feito imponible. A non presentación dentro do prazo será considerada como infracción simple e sancionada como tal segundo as regras contidas nesta Ordenanza.

3. Na declaración deberán constar os datos necesarios para a determinación da débeda, de acordo co establecido ó respecto nas Ordenanzas particulares. En todo caso os suxeitos pasivos ou obrigados tributarios deberán consignar o seu NIF e domicilio fiscal nas mesmas e en calquera outra comunicación ou escrito de trascendencia tributaria a presentar ante a Administración Municipal. Asemade, cando un suxeito pasivo cambie o seu domicilio, deberá poñelo en coñecemento da Administración, mediante declaración expresa a tal efecto, sen que o cambio de domicilio produza efectos fronte á Administración ata tanto se presente a citada declaración tributaria. A Administración poderá rectificar o domicilio tributario dos suxeitos pasivos mediante a comprobación pertinente.

4. A Administración Municipal poderá facilitar os correspondentes impresos de declaración que en cada caso sexan necesarios. Ademais, poderanse recabar declaracións e ampliación destas, así como a corrixir os defectos advertidos en canto foran necesarios para a liquidación do tributo e a súa comprobación.

ARTIGO 22. Liquidacións

1. Determinadas as bases impositivas, a xestión continuará mediante a práctica das liquidacións para determinar a débeda tributaria. As liquidacións serán provisionais ou definitivas.

2. Terán a consideración de definitivas:

a. As practicadas previa comprobación administrativa do feito imponible e da súa valoración, teña mediado ou non liquidación provisional.

b. As que non foran comprobadas dentro do prazo sinalado para cada tributo nas súas normas de aplicación, sen prexuízo da prescrición.

3. Nos demais casos as liquidacións terán carácter provisional, sexan a conta, complementarias, caucionais, parciais ou totais.

ARTIGO 23. Notificación das liquidacións

1. As liquidacións tributarias notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión:

a. Dos elementos esenciais de aquelas.

b. Dos medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e Organismos en que haberán ser interpostos.

c. Do lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

2. As liquidacións definitivas, aínda que non rectificuen as provisionais, deberán acordarse mediante Resolución da Alcaldía e notificarse ó interesado en forma regulamentaria.

3. Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

4. As notificacións, co contido establecido no punto 1 do presente artigo, dirixiranse ó domicilio fiscal do interesado, no seu caso, ó sinalado para recibilas polo propio interesado e, en defecto de ámbolos, ó que conste como tal nesta Administración.

5. No primeiro intento de notificación poderán producirse os seguintes supostos:

a. Que a notificación sexa entregada ó interesado, debendo retornar ó Concello o xustificante de recepción de recibo contendo a identificación e firma do receptor e a data en que ten lugar a recepción.

b. Que a notificación se entrega a persoa distinta do interesado, debendo constar no xustificante de recepción a sinatura e identidade da persoa receptora.

c. Que o interesado ou o seu representante rexeite a notificación, especificándose neste caso as circunstancias do intento de notificación e que se terá por efectuada.

d. Que non sexa posible entregar a notificación, debendo o notificador rexistrar na tarxeta de xustificante de recepción o motivo que imposibilitou a entrega, así como o día e hora en que tivo lugar o intento de notificación.

e. No suposto anterior, relativo ó intento de notificación persoal con resultado infructuoso, por ausencia do interesado, procederase a unha segunda visita, en día e hora diferentes a aqueles en que tivo lugar a primeira, podendo ser o resultado calquera das sinaladas nas letras a), b) ou c).

f. Nas notificacións conterase referencia ó feito de que, se fora necesario, serán practicados dous intentos persoais e, de resultar ámbolos dous infructuosos, procederase á citación edictal para ser notificado por comparecencia, indicándose, asemade, a posibilidade de personación nas oficinas municipais para coñecer o estado do expediente. Neste suposto deixarase aviso na caixa de correos do inmovible sinalado como domicilio, no que se dará coñecemento do acto e da subseguinte publicación edictal no BOP, de citación ó interesado ou ó seu representante para ser notificados por comparecencia. Ditos edictos deberán ser publicados así mesmo no Taboleiro de edictos do Concello.

g. Na publicación constará relación de notificacións pendentes, suxeito pasivo, obrigado tributario ou representante, procedemento que as motiva, órgano responsable da súa tramitación e lugar onde o destinatario deberá comparecer no prazo de dez días para ser notificado.

h. Cando transcorrido o prazo de dez días, contados desde o seguinte ó da publicación do anuncio no BOP, non tivera lugar a comparecencia do interesado, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais dende o día seguinte ó de vencemento do prazo sinalado para comparecer.

6. En aplicación do previsto no artigo 124-4 da Lei Xeral Tributaria, o Concello poderá dispoñer en que supostos non será preceptiva a notificación expresa, sempre que así o advirta por escrito o presentador da declaración, documento ou parte de alta.

ARTIGO 24. Padróns ou matrículas

1. Poderán ser obxecto de Padrón ou Matrícula os tributos nos que pola súa natureza se produza periodicidade do feito imponible, así como aqueles para os que o determine súa Ordenanza Fiscal particular e, por tanto, dean orixe a unhas liquidacións que se devengan con periodicidade preestablecida e así mesmo cóbranse periodicamente mediante recibo.

2. Ditos Padróns ou Matrículas terán a consideración de rexistro permanente e público. Será elaborado anualmente polo Departamento de Rendas e Exaccións, tomando como base o do exercicio anterior, ó que se lle incorporarán as modificacións producidas; serán fiscalizados pola Intervención Municipal e aprobados pola Alcaldía-Presidencia, contabilizándose nese momento o recoñecemento de dereitos.

As modificacións referidas deberán ser aprobadas e notificadas formalmente ós suxeitos pasivos, agás aqueles supostos que deriven da Lei, da presente Ordenanza Xeral e da propia Ordenanza Fiscal particular.

3. O disposto no número anterior será de aplicación para todos os tributos municipais de cobro periódico agás aqueles nas que a xestión, inspección e recadación foron delegados na Excm. Deputación Provincial (IBI, IAE, IVTM).

As variacións na cota tributaria orixinadas pola modificación das tarifas contidas na Ordenanza Fiscal non precisan de notificación individualizada, en tanto que dita ordenanza foi exposta ó público e tramitada regulamentariamente.

Cando os períodos de cobro de diversos tributos de vencemento periódico sexan coincidentes, poderase esixir o pago das cotas respectivas mediante un recibo único, no que constarán debidamente separados os conceptos de ingreso.

No suposto de agrupación de tributos, o interesado non estará obrigado a pagar a totalidade do recibo no mesmo momento. Na oficina municipal de Recadación aceptarase o pago parcial cando cubra a cota liquidada por un ou varios conceptos.

ARTIGO 25. Períodos voluntarios de cobranza

1. Nos tributos e demais ingresos de dereito público que sexan de contraído previo e ingreso directo, o período voluntario iniciase coa data de recepción da notificación, rematando o último día hábil do mes seguinte a dita data.

2. Nos tributos e demais ingresos de dereito público que se recaden mediante Padrón ou Matrícula, o período voluntario de cobranza será con carácter xeral, salvo que concorran circunstancias excepcionais, apreciadas pola Presidencia a proposta da Tesourería, sempre que dito prazo non sexa inferior a dous meses, o comprendido entre o 15 de setembro e o 20 de novembro de cada ano.

Capítulo II : PROCEDIMENTO DE REVISIÓN

ARTIGO 26. Interposición de recursos

1. Contra os actos administrativos dictados en vía de xestión de tributos e restantes ingresos de dereito público, poderase interpoñer ante a Alcaldía-Presidencia ou órgano competente que o dictou, recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde a notificación expresa ou a notificación colectiva dos correspondentes Padróns Fiscais.

2. Contra a denegación do recurso de reposición, pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo de conformidade coa normativa vixente.

3. Para interpoñer o recurso de reposición contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais, non se requirirá o previo pago da cantidade esixida; sen embargo, a interposición do recurso non deterá en ningún caso a acción

administrativa para a cobranza, a menos que o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado, a cal efecto será indispensable acompañar garantía que cubra o total da débeda tributaria, en cal suposto outorgarase a suspensión instada. Para este fin, non se admitirán outras garantías, a elección do recorrente, que as seguintes:

a. Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, ou no seu caso, na Corporación ou Entidade interesada

b. Aval ou fianza de carácter solidario prestado por un Banco ou banqueiro rexistrado oficialmente, por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros o por Cooperativa de Crédito calificada.

c. Fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, só para débitos inferiores a 100.000.-ptas.

En casos moi cualificados e excepcionais poderá nembargantes o Concello acordar discrecionalmente, a instancia de parte, a suspensión do procedemento, sen prestación de garantía ningunha, cando o recorrente alegue e xustifique na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre fehacientemente a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais.

A Concesión da suspensión levará sempre aparellada a obriga de satisfacer xuros de demora por todo o tempo de aquela e só producirá efectos no recurso de reposición.

4. Entenderase que o aval ou a fianza solidaria prestada por Banco ou Caixa de Aforros está constituída a satisfacción do Concello, cando reúna os seguintes requisitos:

a. Que exprese a débeda ou débedas tributarias que se afianzan, identificando ó suxeito pasivo ou obrigado ó pago.

b. Que garanta a totalidade da débeda tributaria. Igualmente, garantiranse os xuros de demora por todo o tempo da suspensión, mediante unha expresión que así o determine.

c. A garantía constituirase a disposición do Alcalde-Presidente e terá unha duración ilimitada, ata que o Concello autorice a súa cancelación, aínda cando os seus efectos se limitarán ó período de tramitación do recurso de reposición.

5. Interposto o recurso e presentada a garantía, se fora suficiente, formularase proposta de resolución deixando en suspenso a execución do acto impugnado. Á vista do informe dos Servizos Económicos, o Presidente da Corporación dictará resolución que decida a suspensión. Dita resolución será trasladada ó Tesoureiro co obxecto de que se adopten as medidas procedentes para deixar en suspenso a execución do acto impugnado.

6. Cando a garantía ofrecida fora insuficiente, requirirase ó administrado para que no prazo de 10 días corrixa os defectos que se aprecien. Se a garantía resulta insuficiente e non se corríxen os defectos de que adoleza, adoptarase igualmente a resolución que así o determine e continuará o trámite de execución.

7. Resolto o recurso de reposición e admitido totalmente o mesmo, declararase liberada a garantía.

8. Se o recurso fora desestimado total ou parcialmente, practicarase, no seu caso, a correspondente liquidación, así como a dos intereses devengados por todo o tempo que durara a suspensión, para que sexa ingresada polo obrigado ó pago no prazo sinalado no artigo 25 da presente Ordenanza Fiscal. De non facerse efectivo dito pago procederase a facer efectiva a garantía constituída.

9. Polo feito de presentar a solicitude de suspensión entenderase acordada ésta con carácter preventivo, ata que o órgano competente resolva sobre a súa concesión ou denegación, o que debe realizarse no prazo de dez días seguintes á presentación no rexistro da petición de suspensión e garantía que, en todo caso, deberá presentarse en documento orixinal.

ARTIGO 27. Procedementos especiais de revisión

1. Corresponderá ó Pleno da Corporación, sen prexuízo das facultades de delegación na Comisión de Goberno, a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria, nos seguintes casos:

a. Declaración de nulidade de pleno dereito, previo dictame do Consello Consultivo de Galicia, nos supostos previstos no artigo 153 da Lei Xeral Tributaria.

b. Os actos que, previo expediente no que se dera audiencia ó interesado, se estima que infrinxen manifiestamente a lei.

c. Cando se aporten novas probas que acrediten elementos do feito impositivo integramente ignorados pola Administración Municipal ó dictar o acto obxecto de revisión.

2. Se o Concello quixera anular os actos declarativos de dereitos por motivos diferentes dos recollidos nos apartados anteriores, para a súa revisión requirirase a previa declaración de lesividade para o interese público e a súa impugnación

en vía contencioso-administrativa. A competencia para dita declaración corresponderá ó Pleno, sen prexuízo das facultades de delegación na Comisión de Goberno.

ARTIGO 28. Rectificación de erros materiais>

1. O Concello rectificará de oficio ou a instancia do interesado, en calquera momento, os erros materiais ou de feito e os aritméticos, sempre que non tivera trascorrido o prazo de prescrición.

2. Tramitado o expediente en que se xustifique a necesidade de proceder á rectificación, o servizo tributario correspondente formulará proposta de acordo rectificatorio, que deberá ser aprobada polo mesmo órgano que dictou o acto obxecto de rectificación

ARTIGO 29. Devolución de ingresos indebidos

1. Con carácter xeral, o procedemento iniciárase a instancia do interesado, que deberá fundamentar o seu dereito e acompañar o comprobante de ter satisfeita a débeda. A solicitude formularase por escrito dirixido ós Servizos Tributarios correspondentes. Tamén poderá acordarse de oficio a devolución, nos supostos seguintes:

a. Cando despois de terse satisfeita unha liquidación tributaria, a mesma sexa anulada, revisada ou rectificadora por calquera dos motivos e procedementos regulados no presente capítulo.

b. Cando se tivera producido indubidada duplicidade de pago.

c. Naqueles supostos que así o contemple a Ordenanza Fiscal particular.

2. O expediente administrativo tramitarase polos Servizos Tributarios, agás nos supostos de duplicidade no pago, que corresponderá á Tesourería. A fiscalización corresponderá sempre á Intervención Municipal, verificando especialmente que con anterioridade non se tiña operado devolución da cantidade que se solicita e que no expediente consta o documento orixinal acreditativo do pago.

No expediente deberá constar o documento orixinal do pago, informe da Unidade Xestora sobre a procedencia da devolución e motivo xerador da mesma. Ademais poderán solicitar os informes ou actuacións que se xulguen necesarios para acreditar o dereito á devolución.

3. A competencia para resolver o expediente correspóndelle ó Presidente da Corporación.

4. A devolución dos ingresos indebidos correspondentes a tributos delegados noutras Administracións serán realizados pola Administración delegada.

Capítulo III : INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

ARTIGO 30. Procedemento sancionador

1. O procedemento para a imposición de sancións iniciárase mediante moción ou proposta motivada do funcionario competente ou do titular da Unidade Administrativa en que se tramite o expediente, ou a través de actas e dilixencias de Inspección de Tributos.

2. Ós expedientes sancionadores uniranse os informes e probas que se estimen oportunos para a súa resolución.

3. Antes da resolución correspondente, darase audiencia ós interesados no expediente sancionador para que aleguen canto consideren conveniente e presenten os documentos, xustificacións e probas, para o que se poñerá de manifesto o expediente durante quince días.

4. Os expedientes da Inspección tramitaranse de acordo coa súa normativa específica, en canto audiencia e posta de manifesto das actuacións.

5. O Presidente da Corporación e o órgano competente para acordar e impoñer as sancións tributarias.

ARTIGO 31. Infraccións graves

As infraccións tipificadas como graves serán sancionadas de acordo co previsto na lexislación xeral tributaria do Estado, na reguladora das Facendas das Entidades Locais e, no seu caso, polas Ordenanzas Fiscais de cada tributo.

ARTIGO 32. Infraccións simples

1. Os casos tipificados como infraccións tributarias simples serán sancionados por cada un dos feitos ou omisións. Os seguintes feitos ou omisións serán sancionados coas garantías que deseguido se detallan:

a. Por non atender ós requirimentos formulados por esta Administración:

- Primeiro requirimento non atendido ... 30 €
- Segundo requirimento non atendido ... 90 €
- Terceiro e sucesivos requirimentos non atendidos ... 300 €

- Entre os supostos previstos neste punto non se considera incluído o de non atender unha citación da inspección de tributos.

b. Considerarase de especial transcendencia para a xestión dos tributos locais a falla de presentación de declaracións tributarias, sancionándose con multa de 60,10 € a falla de presentación de cada declaración, cando esta sexa un presuposto necesario para a liquidación, tipificándose a infracción como grave, segundo o disposto no artigo 79 da Lei Xeral Tributaria.

O disposto neste apartado enténdese sen prexuízo de que, por aplicación do establecido no artigo 83 e dos criterios de graduación previstos no artigo 82 da Lei Xeral Tributaria e normas concordantes, poidan proceder sancións de importe superior.

2. As infraccións simples non contempladas neste artigo sancionaranse con arreglo ó disposto á Lei Xeral Tributaria e demais disposicións complementarias.

Sección II : Da inspección de tributos

TÍTULO I : A INSPECCIÓN DE TRIBUTOS

ARTIGO 33. A inspección de tributos

1. A inspección tributaria ten encomendada a función de comprobar a situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos ou demais obrigados tributarios coa fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes para coa Facenda Local, procedendo, no seu caso, á regularización correspondente.

2. En exercicio de tales facultades, correspóndelle realizar as seguintes funcións:

a. A investigación dos feitos impositivos para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración e a súa conseguinte atribución ó suxeito pasivo ou obrigado tributario.

b. Comprobación das declaracións e declaracións-liquidacións para determinar a súa veracidade e a correcta aplicación das normas, establecendo o importe das débedas tributarias correspondentes.

c. Practicar, no seu caso, as propostas de liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.

d. A comprobación do valor das rendas, produtos, bens e demais elementos do feito impositivo.

e. Verificar o cumprimento dos requisitos esixidos para a concesión ou disfrute de calquera beneficio fiscal.

f. Informar ós suxeitos pasivos e outros obrigados tributarios sobre as normas fiscais e sobre o alcance das obrigas e dereitos que das mesmas se deriven.

g. Todas as outras actuacións que dimanen dos particulares procedementos de comprobación de impostos locais que a normativa estableza en cada caso, procurando con especial interese a correcta inclusión nos censos daqueles suxeitos pasivos que han figurar nos mesmos.

h. Aqueloutras, non especificadas no presente artigo, previstas como funcións propias da Inspección dos Tributos, na Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, no Real Decreto 939/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Inspección dos Tributos e demais disposicións aplicables.

ARTIGO 34. Persoal inspector

1. As actuacións inspectoras realizaranse polos funcionarios adscritos ó Servicio de Rendas e Exaccións, baixo a inmediata supervisión de quen ostente a Xefatura, quen dirixirá, impulsará e coordinará o funcionamento da mesma.

2. Non obstante, actuacións meramente preparatorias ou de comprobación ou proba de feitos ou circunstancias con transcendencia tributaria poderán encomendarse a outros empregados públicos que non ostenten a condición de funcionarios.

3. Os funcionarios do Servicio de Inspección, no exercicio das funcións inspectoras serán considerados Axentes da autoridade, ós efectos da responsabilidade administrativa e penal de quen ofrezca resistencia ou cometa atentado ou desacato contra eles, de feito ou de palabra, en actos de servicio ou con motivo do mesmo.

4. O persoal inspector, para a súa acreditación, disporá dunha tarxeta de identidade, aprobada e subscrita polo Alcalde-Presidente.

5. O Alcalde-Presidente, para atender actuacións inspectoras puntuais, poderá nomear entre os funcionarios municipais de Servicios Económicos e con carácter accidental, persoal inspector, con todos os dereitos e obrigas inherentes ó cargo.

ARTIGO 35. Clases de actuacións

1. As actuacións inspectoras poderán ser:

- a. De comprobación e investigación.
- b. De obtención de información con transcendencia tributaria.
- c. De valoración.
- d. De informe e asesoramento.

2. O alcance e contido destas actuacións é o definido para as mesmas na Lei Xeral Tributaria, a Lei de Dereitos e Garantías dos Contribuíntes, o Regulamento Xeral da Inspección dos Tributos e demais disposicións que sexan de aplicación.

3. O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuarase ós correspondentes proxectos de actuacións inspectoras, aprobados pola Alcaldía, sen prexuízo da iniciativa dos actuarios de acordo cos criterios de eficacia e oportunidade.

ARTIGO 36. Lugar e tempo das actuacións

1. As actuacións de comprobación e investigación poderán desenvolverse indistintamente:

- a. No lugar onde o suxeito pasivo teña o seu domicilio tributario ou no do representante que a tal efecto se tivera designado.
- b. Onde se realicen, total ou parcialmente, as actividades gravadas.
- c. Onde exista algunha proba, ó menos parcial, do feito imponible.
- d. Nas oficinas do Concello.

2. A inspección determinará, en cada caso, o lugar onde teñan que desenvolverse as súas actuacións, facendoo constar na comunicación correspondente.

3. O tempo das actuacións determinarase polo disposto ó respecto no Real Decreto 939/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Inspección dos Tributos e demais disposicións concordantes.

4. Os obrigados tributarios poderán actuar por medio de representante, que deberá acreditar tal condición, entendéndose en tal caso realizadas as actuacións correspondentes co suxeito pasivo ou obrigado tributario.

ARTIGO 37. Iniciación e desenvolvemento das actuacións inspectoras

1. As actuacións da inspección poderán iniciarse:

- a. Por propia iniciativa da mesma, atendéndose ó proxecto previsto ó efecto.
- b. En virtude de denuncia pública.
- c. A pedimento do obrigado tributario.

2. Nos casos previstos nas letras b) e c) anteriores, a Inspección ponderará e valorará a conveniencia da realización da mesma.

3. As actuacións da Inspección poderanse iniciar mediante comunicación notificada ou presentándose sen previa notificación, e desenvolverase co alcance, facultades e efectos que establece o Regulamento Xeral da Inspección dos Tributos.

4. O persoal inspector poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais lugares nos que se desenvolvan actividades sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou se produzan feitos impositivos, cando se considere preciso en orde á práctica da actuación inspectora.

5. As actuacións inspectoras deberán proseguir ata o seu remate, podendo interromperse por moción razoada dos actuarios, que se comunicará ó obrigado tributario para o seu coñecemento.

6. As actuacións da Inspección documentaranse en dilixencias, comunicacións, informes e actas previas ou definitivas. Estes documentos terán as funcións, finalidades e efectos que para eles establece o Regulamento Xeral da Inspección de Tributos.

Sección III : Da Recadación**Título Preliminar: Disposicións xerais.****CAPÍTULO I : DA XESTIÓN RECADATORIA****ARTIGO 38. Concepto**

A xestión recadatoria do Concello de Arteixo consiste no exercicio da función administrativa conducente á realización dos créditos tributarios e demais de dereito público dos que sexa titular o Concello de Arteixo.

ARTIGO 39. Períodos de recadación

1. A xestión recadatoria realizarase en dous períodos: voluntario e executivo.
2. En período voluntario, os obrigados ó pago farán efectivas as súas débedas dentro dos prazos sinalados no artigo 25 desta ordenanza.
3. En período executivo con fundamento na existencia dun acto declarativo previo, liquidación notificada e do título suficiente, a recadación efectuarase coercitivamente, por vía de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado que non tivera cumprida a obriga ó seu cargo en período voluntario.

ARTIGO 40. Xestión recadatoria

1. A xestión recadatoria do Concello de Arteixo levarase a cabo, tanto en período voluntario como no executivo, polos seus propios órganos e servizos.
2. O Concello de Arteixo poderá adoptar acordo para que a súa xestión recadatoria sexa realizada por outras Administracións Públicas, subscribindo, se fora preciso, o correspondente convenio.
3. O convenio ou acordo a que se refire o apartado anterior será publicado no Boletín Oficial da Provincia, unha vez que fora subscrito polas Entidades Públicas correspondentes.

ARTIGO 41. Obxecto

1. A xestión recadatoria do Concello terá por obxecto a cobranza dos seguintes recursos:
 - a. Os ingresos tributarios: Impostos, taxas e contribucións especiais.
 - b. Ingresos de Dereito Público non tributarios: multas, sancións, prezos públicos e demais ingresos de dereito público que deba percibir o Concello.
 - c. Ingresos por recargos e xuros que procedan sobre os conceptos enumerados anteriormente.
2. Esta xestión recadatoria e os medios para levala a cabo, non se aplicará respecto daqueles froitos, rendas, produtos dos bens mobles e inmobles do Concello ou dos entes convenidos ou delegados, ós que sexan de aplicación as regras de Dereito Privado.

CAPÍTULO II : ÓRGANOS E AS SÚAS COMPETENCIAS**ARTIGO 42. Órganos**

1. A xestión recadatoria dos créditos tributarios e demais de Dereito público municipais realizarase directamente polo propio Concello, a través do Servizo de Recadación Municipal, ostentando a xefatura o Tesoureiro Municipal.

ARTIGO 43. Función do Pleno

Correspóndenlle ó Pleno as seguintes competencias:

- a. Plantexar tercerías de mellor dereito, cando existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada pola Recadación sobre os mesmos bens, no Rexistro da Propiedade e de Hipoteca Mobiliaria e Prenda sen desprazamento.
- b. Acordos ou convenios en procedementos concursais.
- c. As demais competencias que no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, se sinalan como de órganos estatais superiores en rango á Dirección do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e Director Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, ou Órganos ós que se adscriban no futuro as súas competencias, así como as que expresamente lle confiran as leis.

ARTIGO 44. Funcións do Alcalde

Correspondenlle ó Alcalde as seguintes competencias:

- a. De conformidade co establecido na lexislación sobre conflitos xurisdiccionais, promoverá cuestión de competencias diante dos Xulgados e Tribunais cando coñezan dos procedementos de constrinximento sen ter esgotada a vía administrativa.
- b. Solicitud de ó Xuíz de Primeira Instancia correspondente da autorización xudicial para a entrada no domicilio do debedor, nos supostos de dilación nas contestacións.
- c. Autorización de alleación dos bens embargados por concurso, ou por adxudicación directa, a proposta do Tesoureiro.
- d. Solicitud ás autoridades competentes da protección e auxilio necesario para o exercicio da función recadatoria, excepto nos casos de perigo para as persoas, os valores ou fondos, en cal caso a solicitude poderá realizala o propio Xefe da Unidade.

- e. Acordar a adxudicación de bens ó Concello, previa consulta ós Servizos Técnicos sobre a utilidade dos mesmos.
- f. Resolución de tercerías que debidamente cumprimentadas se presente na Recadación.
- g. Dictar acordos de derivación de responsabilidade.
- h. Autorización, se procede, de subscripción de acordos ou convenios a que se chegue nos procesos concursais.
- i. Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia como do Director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e Director Xeral de Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda ou Órganos ós que se adscriban nun futuro as súas competencias.

ARTIGO 45. Funcións do Tesoureiro

Correspóndenlle ó Tesoureiro as seguintes competencias:

- a. Dirixir a xestión recadatoria.
- b. Elaborar e autorizar os Edictos anunciando o período de cobro.
- c. Dictar a providencia de constrinximento e a providencia de embargo.
- d. Solicitar a imposición de sancións por incumprimento das peticións de información para a práctica do embargo de bens.
- e. Ordenar a alleación de Títulos valores públicos ou privados e xéneros embargados.
- f. Nomeamento de depositario de bens embargados, con funcións de administrador.
- g. Designación do lugar de depósito dos bens embargados.
- h. Autorizar a alleación mediante poxa de bens embargados.
- i. Presidir a mesa das poxa.
- j. Dictar providencia para adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados.
- k. Redactar propostas de resolución daqueles expedientes de xestión recadatoria que teñan que ser resoltos pola Presidencia.
- l. Acordar a execución de garantías para a cal realización sexa necesaria a súa alleación.
- m. A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de débedas tributarias.
- n. Instar dos servizos municipais a colaboración necesaria para o correcto desenvolvemento da xestión recadatoria e, en concreto:
 - 1. Solicitude de informes sobre bens do debedor para o embargo.
 - 2. Solicitude de captura, depósito e precinto de vehículos ás autoridades que teñan ó seu cargo a vixilancia da circulación.
 - 3. Solicitude de locais para a custodia e depósito de bens embargados.
 - 4. Proposta de nomeamento de funcionario técnico para a valoración dos bens embargados.
 - 5. Informe sobre a utilidade da adxudicación a favor do Concello de bens non alleados na poxa.
 - 6. Nos supostos en que se descoñeza o debedor, solicitarase da Alcaldía do territorio en que se presuma a residencia do mesmo, a certificación e informes correspondentes.
- o. Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, como do Xefe de Dependencia de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órgano ó que se adscriban no futuro as súas competencias.

ARTIGO 46. Funcións do Interventor

Corresponderalle ó Interventor:

- a. Fiscalizar e tomar razón dos feitos ou actos que supoñan unha modificación nos dereitos recoñecidos e nos ingresos recadados.
- b. Dirixir a contabilidade municipal e organizala de tal xeito que, entre outros fins previstos na Lei 39/88, cumpra o de aportar información sobre o estado de recadación e a situación individualizada dos dereitos e os debedores.
- c. Todas as funcións que segundo o Regulamento Xeral de Recadación (RXR) corresponden á Intervención da Delegación de Facenda ou órgano que no futuro asuma as mesmas.

ARTIGO 47. Funcións da Asesoría Xurídica (Secretaría)

Correspóndenlle as funcións atribuídas ó Servizo Xurídico do Estado con especial referencia ás seguintes:

- a. Trámites previos para o acordo de derivación de responsabilidade.
- b. Dictar informes previos sobre conflitos xurisdiccionais.
- c. Representación do Concello ante os Órganos Xudiciais en procedementos concursais e outros de execución.
- d. Dictar informe preceptivo, no prazo de cinco días, ós efectos do disposto no artigo 26 do Regulamento Hipotecario.
- e. Informe previo, no prazo de 15 días, á resolución de terceiras por parte da Alcaldía.

ARTIGO 48. Funcións das oficinas/servicios recadatorios

Correspóndelles a realización das seguintes funcións:

- a. A execución do proceso recadatorio dos conceptos a cal xestión teña encomendada.
- b. Formulación de propostas á Tesourería sobre a mellora dos medios, circuítos e relacións intervintes no proceso de recadación.
- c. Control e execución das actuacións necesarias para aplicar as instrucións internas e verificar que a recadación se desenvolva de conformidade co RXR e a presente Ordenanza.
- d. A realización de tarefas precisas para asegurar a puntual contabilización de cantos feitos e actos deban ter reflexo contable conforme ás instrucións técnicas que dicten a Intervención e a Tesourería Municipais.

ARTIGO 49. Funcións doutros órganos

1. Á Policía Local deste Concello corresponderalle
 - a. Captura, precinto, depósito e vixilancia dos vehículos embargados.
 - b. As órdenes de captura de vehículos, dictadas pola Alcaldía, serán cumprimentadas no prazo máximo de un mes. No suposto de non procederse á captura no prazo citado, emitirase informe sobre as causas que o imposibilitan.
2. Calquera outra función atribuída a órganos do Ministerio de Facenda distintos dos citados anteriormente, corresponderalle ó Concello dentro da esfera de competencias deducida de su organización interna.
3. No suposto de dubidosa atribución funcional, resolverá o Alcalde-Presidente a proposta de Tesourería.

TITULO I : RESPONSABLES E GARATÍAS DO CRÉDITO**ARTIGO 50. Responsables solidarios**

1. Nos supostos de responsabilidade solidaria previstos polas leis, cando tivera transcorrido o período de pago sen que o debedor principal aboara a débeda, sen prexuízo da súa responsabilidade, poderase reclamar dos responsables solidarios o pago da mesma.
2. Ó responsable esixiráselle o importe da cota inicialmente liquidada, incrementado nos xuros de demora. Se esta débeda non se satisfixera no período de pago voluntario que se concedera, esixirase ó responsable o recargo de constriximento aplicado sobre a débeda inicial.
3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
4. En particular, responderán solidariamente da débeda ata o importe do valor dos bens ou dereitos que se puidessen embargar, as seguintes persoas:
 - a. Os causantes ou que colaboren na ocultación de bens ou dereitos coa finalidade de impedir a súa traba.
 - b. Os que por culpa ou negligencia, incumpran as ordes de embargo.
 - c. Os que, coñecendo o embargo, colaboren ou consintan o seu levantamento.

ARTIGO 51. Procedemento para esixir responsabilidade solidaria

1. Transcorrido o período voluntario de pago, o Recadador, ou no seu caso o Tesoureiro, preparará o expediente, en base ó cal o Tesoureiro propondrá ó Alcalde que dicte o acto de derivación de responsabilidade solidaria, requiríndose ó responsable, ou a calquera deles, se son varios, para que efectúen o pago, á vez que se lle dá audiencia, con carácter previo á derivación de responsabilidade, por prazo de quince días, nos cales os interesados poderán alegar e presentar os documentos que estimen pertinentes.

Vistas as alegacións no seu caso presentadas e, se non se tivera aboado a débeda, dictarase acto de derivación de responsabilidade con expresión de:

- a. Os elementos esenciais da liquidación e do título executivo.
- b. Texto íntegro do acordo de declaración de responsabilidade.
- c. Medios de impugnación que poden ser exercidos polos responsables, contra a liquidación, ou a extensión de responsabilidade, con indicación de prazos e órganos ante os que haberán de interpoñerse.
- d. Lugar, prazo e forma en que deba satisfacerse a débeda, que serán os establecidos para os ingresos en período executivo.
- e. Advertencia de que, transcorrido o período voluntario que se concede, se o responsable non efectúa o ingreso, a responsabilidade extenderase automaticamente ó recargo.

2. As accións dirixidas contra un debedor principal ou un responsable solidario non impedirán outras accións posteriores contra os demais obrigados ó pago, mentres non se cobre a débeda por completo.

ARTIGO 52. Responsables subsidiarios

1. Os responsables subsidiarios están obrigados ó pago cando os debedores principais e responsables solidarios foran declarados fallidos e se tivera dictado acto administrativo de derivación de responsabilidade, sen prexuízo das medidas cautelares que antes desta declaración poidan adoptarse.

2. A responsabilidade subsidiaria, salvo que unha norma especial dispoña outra cousa, exténdese á débeda tributaria inicialmente liquidada e notificada ó debedor principal en período voluntario.

3. Con carácter previo á derivación de responsabilidade, darase audiencia ó interesado na forma regulada no punto 1 do artigo anterior.

4. O acto administrativo de derivación será dictado polo Alcalde e notificado na forma establecida no artigo anterior.

5. A responsabilidade con carácter xeral será subsidiaria, excepto cando unha lei estableza a solidariedade

ARTIGO 53. Responsabilidade dos administradores

1. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos da súa incumbencia necesarios para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán o incumprimento por quen deles dependan ou adoptaran acordos que fixeran posibles tales infraccións, serán responsables subsidiarios das débedas seguintes:

a. En caso de infraccións tributarias simples, o importe da sanción.

b. En caso de infraccións tributarias graves, o importe da débeda inicial máis a sanción.

2. En supostos de cese das actividades das persoas xurídicas, responderán subsidiariamente, polo importe da débeda inicial, os administradores que non actuaran coa dilixencia debida.

ARTIGO 54. Sucesión na débeda tributaria

1. As débedas tributarias derivadas do exercicio de explotacións e actividades económicas, serán esixibles a quen lle suceda por calquera concepto, sen prexuízo do que para a herdanza aceptada a beneficio de inventario establece o Código Civil.

2. O que pretenda adquirir dita titularidade poderá solicitar no Concello certificación das débedas derivadas do exercicio da explotación. Se a certificación é de contido negativo, ou non se facilita no prazo de dous meses, quedará aquel exento de responsabilidade polas débedas referidas neste punto.

3. Disolta e liquidada unha Sociedade, esixírase ós seus socios ou partícipes no capital, o pago das débedas pendentes ata o límite do valor da cota de liquidación que se lle adxudicara.

ARTIGO 55. Concorrenza de titularidade

1. Cando dous ou máis titulares realizan un mesmo feito imponible, están solidariamente obrigados fronte á Facenda Municipal, nos termos establecidos no artigo 34 da Lei Xeral Tributaria.

2. En virtude do que prevé o punto anterior, poderase esixir a totalidade da débeda tributaria a calquera dos codebedores.

3. O Concello notificará as débedas a tódolos cotitulares, sempre que teña coñecemento da súa identidade. Sen embargo, cando a notificación non poida ser completa, por razóns alleas ó Concello, non impedirá a aplicación da solidariedade prevista no punto 2 deste artigo, sempre que a notificación se dirixa a quen figure como titular do ben, dereito ou actividade nun Rexistro público.

ARTIGO 56. Comunidade de bens

1. Nos tributos municipais, cando así o prevexa a Lei de Facendas Locais, terán a condición de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidade de bens e demais entidades que, sen personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición.

2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades a que se refire o punto anterior responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas Entidades.

ARTIGO 57. Garantías do pago

1. A Facenda Municipal goza de prelación para o cobro dos créditos de Dereito Público vencidos e non satisfeitos en canto concorran con acredores que non o sexan de dominio, prenda, hipoteca, ou calquera outro dereito real debidamente inscrito no correspondente rexistro con anterioridade á data en que se faga constar no mesmo o dereito da Facenda Municipal.

2. Nos recursos de Dereito público que graven periodicamente os bens ou dereitos inscribibles nun rexistro público, a Facenda Pública terá preferencia sobre calquera outro acreedor ou adquirente, anque estes tiveran inscrito os seus dereitos, para o cobro das débedas non satisfeitas correspondentes ó ano natural en que se exercite a acción administrativa de cobro e ó inmediato anterior.

A estes efectos, entenderase que a acción administrativa de cobro exerceuse cando se inicia o procedemento de reca-dación en período voluntario.

3. Para ter igual preferencia que a indicada no artigo precedente, por débitos anteriores ós expresados nel, ou por maior cantidade, poderá constituirse hipoteca especial a favor da Facenda Municipal que surtirá efecto desde a data en que quede inscrita.

TITULO II : EXTINCIÓN DAS DÉBEDAS

CAPÍTULO I : ESPECIFICACIÓNS SOBRE O PAGO

ARTIGO 58. Tempo de pago

1. Os obrigados ó pago das débedas, faranas efectivas dentro dos prazos fixados neste artigo.

2. O prazo de pago de débedas por liquidacións practicadas polo Concello de tributos, multas e sancións, rematará o derradeiro día hábil do mes seguinte a aquél en que se reclame o pago da mesma mediante a notificación correspondente.

3. As débedas derivadas de liquidacións de vencemento periódico e notificación colectiva, que non teñan establecido nas súas normas reguladoras un prazo específico, o prazo de ingreso será único e abranguerá desde o día 15 de setembro ó 20 de novembro ou inmediato hábil posterior.

O Alcalde-Presidente, cando as necesidades do servizo o aconsellen, a proposta da Tesourería, poderá modificar o prazo sinalado no parágrafo anterior, que nunca será inferior a dous meses naturais.

4. As débedas tributarias que deban pagarse mediante declaración-liquidación, ou autoliquidación, deberán facerse efectivas nos prazos ou datas que se sinalen nas normas reguladoras de cada tributo.

5. As débedas non tributarias deberán pagarse nos prazos que determinen as normas con arreglo ás que tales débe-das sexan esixidas. En caso de non determinación dos prazos, aplicarase o disposto nos apartados anteriores.

6. As débedas non satisfeitas nos períodos citados nos apartados anteriores, esixiranse en vía de constrinximento, computándose, no seu caso, como pagos a conta as cantidades pagadas fóra de prazo.

Sen embargo, cando o debedor presente declaración liquidación ou autoliquidación fóra de prazo, estarase ó estable-cido na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

7. Os prazos de ingresos das débedas apremiadas serán os seguintes:

a. As notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 de dito mes, ou inmediato hábil posterior.

b. As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes ata o día 5 do mes seguinte ou inmediato hábil posterior.

8. As débedas que deban satisfacerse mediante efectos timbrados, pagaranse no momento da realización do feito impoñible, se non se dispón outro prazo na súa regulación especial.

9. Se se tivera concedido aprazamento de pago, estarase ó disposto no Capítulo II deste Título.

10. As suspensións acordadas por órgano administrativo ou xudicial competente en relación con débedas en período voluntario, suspenderán os prazos fixados neste artigo. Resoltos o recurso ou reclamación que deu lugar á suspensión, se o acordo non anula nin modifica a liquidación impugnada, deberá pagarse no prazo previsto no apartado 2 deste artigo. A resolución administrativa adoptada notificarase ó recorrente con expresión de este prazo no que debe ser satisfeita a débeda.

Se a resolución dá lugar á modificación do acto ou ordena a retroacción do procedemento, a débeda resultante do acto que se dicte en execución de dito acordo haberá ser ingresada no prazo previsto no apartado 2 de este artigo. A notificación do novo acto indicará expresamente este prazo.

Sen embargo, o indicado nos parágrafos anteriores, cando a execución do acto estivera suspendida, unha vez rematada a vía administrativa os órganos de recadación non iniciarán ou, no seu caso, non reanudarán as actuacións do procedemento de constrinximento mentres non remate o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, sempre que a vixencia e eficacia da caución inicialmente aportada se manteña ata entón. Se durante ese prazo o interesado comunicase a dito órgano a interposición do recurso, con petición de suspensión e ofrecemento de caución para garantir o pago da débeda, manterase a paralización do procedemento en tanto conserve a súa vixencia e eficacia a garantía aportada en vía administrativa. O procedemento reanudarase ou suspenderase a resultas da decisión que adopte ó órgano xudicial na peza de suspensión.

11. Na regulación específica de cada prezo público poderase establecer a necesidade de constituír depósito previo do importe, de acordo co que dispón o artigo 47.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro.

ARTIGO 59. Medios de pago

1. O pago das débedas tributarias e non tributarias, haberá de facerse en efectivo.
2. Tan só poderá admitirse o pago en especie cando así se dispoña por lei.
3. O pago en efectivo poderá facerse por algún dos seguintes medios:
 - a. Cartos de curso legal.
 - b. Cheque.
 - c. Calquera outros que sexan autorizados pola Alcaldía-Presidencia.

Se dito pago fora realizado a través de entidades colaboradoras, será aplicable o disposto nos artigos 81 e 86, ambos inclusive, desta Ordenanza.

ARTIGO 60. Cheque

1. Os cheques a que se refire o apartado 3.b) do artigo anterior, deberá reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

- a. Ser nominativo a favor do Concello de Arteixo.
- b. O nome ou razón social do librados que se expresará debaixo da sinatura con toda claridade.

A entrega do cheque liberará ó debedor polo importe satisfeito, cando sexa feito efectivo, en tal caso, surtirá efectos desde a data en que tivera entrada na Caixa correspondente.

2. Nos casos non comprendidos no apartado anterior, a admisión de cheques como medio de pago rexerese polas normas que lle sexan aplicables e, en defecto de éstas, polas de dito apartado.

3. Cando un cheque non sexa feito efectivo en todo ou en parte, unha vez transcorrido o período voluntario, a débeda non satisfeita será providenciada de constrinximento para seu cobro por esta vía; se o cheque estaba validamente conformado ou certificado, seralle esixido á entidade que o conformou ou certificou; noutro caso seralle esixido ó debedor.

ARTIGO 61. Pago mediante máquinas rexistradoras-certificadoras

1. Para o cobro de determinadas débedas poderán utilizarse máquinas rexistradoras-certificadoras, que emitan ou estampen, segundo ós casos, selos municipais polo importe que corresponda segundo a tarifa.

No caso de emisión de selos, estes adheriranse ós documentos correspondentes.

Noutro suposto, a máquina estampará sobre o propio documento o caxetín administrativo da liquidación e pago da correspondente taxa.

A súa utilización regularase polas Ordenanzas que admitan este medio de pago e o seu establecemento, forma de emprego e substitución levarase a cabo por Resolución da Presidencia.

ARTIGO 62. Xustificantes de pago

1. Os xustificantes de pago en efectivo serán, segundo os casos:
 - a. Os recibos validados pola Tesourería Municipal ou as entidades de depósito colaboradoras.
 - b. As cartas de pago subscribas ou validadas por funcionario competente ou por Entidades autorizadas para recibir o pago.
 - c. Os recibos validados pola Tesourería Provincial, a Recadación Provincial ou as entidades de depósito colaboradoras, para aqueles tributos que a súa recadación foi delegada na Excm. Deputación Provincial.
 - d. As certificacións acreditativas do ingreso efectuado, expedidas pola Tesourería Provincial ou as Zonas Recadatorias, para aqueles tributos que a súa recadación foi delegada na Excm. Deputación Provincial.

e. Calquera outro documento ó que se lle outorgue expresamente o carácter de xustificante de pago, autorizado por Resolución da Alcaldía.

A validación dos xustificantes de pago poderá realizarse por medio de máquinas que produzan a certificación mecánica no documento.

2. Cando se empreguen efectos, os propios efectos, debidamente inutilizados, constitúen o xustificante de pago.

CAPITULO II: NORMAS SOBRE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

Artigo 63.-Solicitud e criterios de concesión

1.- A solicitude de aprazamento e fraccionamento de pagamento dirixirase á alcaldía-presidencia do concello de Arteixo, órgano competente para a concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento.

2.- O órgano competente para a tramitación das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos é a Tesoureiría municipal. Este servizo examinará e evaluará a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos [agás cando concorran as condicións fixadas nos apartados a) e b) do punto cinco seguinte] e valorará a suficiencia e idoneidade das garantías, ou no caso de solicitude de dispensa de garantía, verificará a concorrencia das condicións precisas para obtela.

Realizados os trámites anteriores, pola Tesourería formularase proposta de resolución que será remitida á alcaldía-presidencia para a súa resolución.

3.- Así mesmo, a Tesourería do Concello de Arteixo disporá o necesario para que as solicitudes referidas no punto anterior se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos ou fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financeiras, aportando os documentos que se crean convenientes.

4.- O acordo de concesión especificará a clase de garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

5.- Os criterios xerais de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos son:

a) As débedas de importe inferior a 600 euros poderán aprazarse ou fraccionarse por un período máximo de seis meses.

b) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 600 euros e 1.500 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 12 meses.

c) O pagamento das débedas de importe comprendido entre 1.501 euros e 6.000 euros pode ser aprazado ou fraccionado ata 18 meses.

d) Se o importe excede de 6.000 euros, os prazos concedidos poden extenderse ata 24 meses.

6.- Establécese como segunda condición que as cotas resultantes dos fraccionamentos solicitados non poderán ser nunca inferiores a 100 €. No obstante, non poderán concederse aprazamentos ou fraccionamentos por períodos cuxos prazos de pagamento superen o de prescrición de cada débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

7.- A concesión do aprazamento ou fraccionamento de pago requirirá que o solicitante domicilie o pagamento da débeda ou das sucesivas fraccións. A tal efecto, na solicitude deberá constar a orde de domiciliación bancaria, indicando o número de conta e os datos identificativos da entidade de crédito que teña que efectuar o cargo en conta.

8.- En tanto en canto é tramitada a solicitude de aprazamento ou fraccionamento será necesario que o debedor faga efectivas a fracción ou fraccións nos prazos propostos polo mesmo ou nos que poda indicar provisionalmente a Recadación municipal.

9.- A resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos será notificada ós interesados.

Contra a resolución das peticións sobre aprazamentos ou fraccionamentos de pago, poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Alcaldía - presidencia, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Artigo 64.-Cómputo de xuros.

1.- Con carácter xeral, as débedas excluído, no seu caso, o recargo executivo, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento.

2.- Na aplicación do punto anterior, se terán en conta estas regras :

a) *O tempo de aprazamento* compútase dende o vencemento do período voluntario e ata o termo do prazo concedido.

b) *No caso de fraccionamento*, computaranse os xuros devengados por cada fracción dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido para cada fracción, debéndose satisfacer xunto coa dita fracción.

No caso de que o fraccionamento ou aprazamento sexa superior ó ano e, por tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase éste en base ó tipo vixente e posteriormente regularizárase se se tivera modificado o tipo de xuro aplicable. Se se ten ordenado a domiciliación referida no artigo anterior no apartado 6, o cargo de cada fracción efectuarase polo importe inicialmente calculado, regularizándose no cargo correspondente á última fracción.

4.- Se, chegado o vencemento da débeda aprazada ou fraccionada non se realizara o pagamento, a liquidación de xuros practícarase no momento de efectuar o pagamento, tomando como base de cálculo o principal da débeda.

O tipo de xuro a aplicar será o de mora, vixente ó longo do período.

Artigo 65.- Garantías en aprazamentos e fraccionamentos.

1.- Cando o solicitante sexa unha Administración Pública non será esixida garantía. Nos demais casos, cando o importe da débeda que se solicita aprazar ou fraccionar é superior a 6.000 euros, será necesario constituir garantía, que afiance o cumprimento da obriga.

2.- A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

3.- No caso de solicitude de fraccionamento, poderá constituírse unha única garantía para a totalidade das fraccións que podan acordarse ou ben garantías parciais e independentes para unha ou varias fraccións.

En todo caso, a garantía deberá cubrir o importe das fraccións a que se refira, incluíndo o importe que por principal e xuros de mora se incorpore ás fraccións máis o 25 por cento da suma de ambas partidas.

4.- Aceptaranse as seguintes garantías:

a) Aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. O término deste aval ou certificado de seguro de caución deberá exceder en 6 meses, polo menos, ó vencemento dos prazos concedidos e estará debidamente intervido.

b) Facturas ou certificacións de obra aprobadas polo Concello, cuxo pagamento quedará retido en tanto non sexa cancelada a débeda afianzada.

c) Calesquera outras que se estimen suficientes.

5.- Nos supostos de verdadeira necesidade, distintos dos contemplados no apartado primeiro deste artigo, poderase dispensar de aportar garantía, correspondendo adoptar o acordo ó Alcalde Presidente.

6.- Cando fora realizada anotación preventiva de embargo en rexistro público de bens de valor suficiente, a xuízo da tesoureiría, considerarase garantida a débeda e non será necesario aportar nova garantía.

7.- O obrigado ó pagamento poderá solicitar a adopción de medidas cautelares para constituír a garantía, mediante anotación preventiva do embargo de bens que lle pertencen.

8.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá aportar ou, no seu caso, a dispensa desta obriga.

9.- A garantía deberá aportarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixírase inmediatamente pola vía de prema a débeda cos seus xuros e o recargo de prema, sempre que concluíra o período regulamentario de ingreso. Se o aprazamento fose solicitado en período executivo, continuarase co procedemento de prema.

10.- Cando sexa presentada unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario, sen acompañar o compromiso de entidade solvente de afianzar a débeda e se atope pendente de resolución na data de finalización do período de pagamento voluntario, a Tesoureira poderá ordenar a retención cautelar dos pagos que o Concello deba efectuar ó debedor.

Artigo 66.- Efectos da falta de pagamento

1.- Nos aprazamentos a falta de pagamento ó vencemento das cantidades aprazadas determinará :

a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario no momento de conceder o aprazamento*, esixírase pola vía de prema a débeda aprazada e os xuros devengados, co recargo executivo do 5 por 100. O recargo aplicarase sobre o principal da débeda inicialmente liquidada, con exclusión dos xuros de mora. De non efectuarse o pagamento nos prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, procederase a executar a garantía; no caso de inexistencia, ou insuficiencia desta, se seguirá o procedemento de prema para a realización da débeda pendente.

b) *Se o aprazamento foi solicitado en período executivo*, procederase a executar a garantía, unha vez transcorridos os prazos fixados no artigo 62.5 da LXT, e, no caso de inexistencia ou insuficiencia desta, proseguirase o procedemento de prema.

2.- Nos fraccionamentos a falta de pagamento dun prazo determinará :

a) *Se a débeda se atopaba en período voluntario*, a esixibilidade en vía de prema das cantidades vencidas, extremo que será notificado ó suxeito pasivo, concedéndolle os prazos regulamentarios de pagamento das débedas en período executivo, establecidos no artigo 62.5 da LXT.

Se fose incumprida a obriga de pagar neste término, consideraranse vencidos os restantes prazos, esixíndose tamén en vía de prema.

b) *Se a débeda se atopaba en período executivo*, continuará o procedemento de prema para a exacción da totalidade da débeda fraccionada pendente de pagamento.

c) Nos fraccionamentos concedidos con garantía ou garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, transcorridos os prazos previstos no artigo 62.5 da LXT sen que o ingreso das cantidades esixidas se tivese efectuado, procederase a executar a garantía.

3.- Nos fraccionamentos de pagamentos que se constituíran garantías parciais e independentes por cada un dos prazos, procederase do seguinte xeito:

a) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período voluntario*, o incumprimento do pagamento dunha fracción determinará a esixencia pola vía de prema exclusivamente da dita fracción e os seus xuros de mora, co correspondente recargo de prema, procedéndose a executar a respectiva garantía.

b) *Cando o fraccionamento fora solicitado en período executivo*, executarase a garantía correspondente á fracción impagada máis os xuros de mora devengados. c) *En ambos casos*, o resto do fraccionamento subsistirá nos termos en que foi concedido.

En todo o no prevenido nas presentes normas, será de aplicación o regulado na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación e demais normas aplicables.

Capítulo III: COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS

ARTIGO 74. Compensación

1. Poderán compensarse as débedas a favor do Concello de Arteixo que se atopen en fase de xestión recadatoria, tanto voluntaria como executiva, coas obrigacións recoñecidas por parte de aquela e a favor do debedor.

2. Así mesmo, poderán compensarse as débedas non comprendidas no apartado anterior cando o prevexan as normas reguladoras dos tributos locais e demais recursos de dereito público.

3. Cando a compensación afecta a débedas en período voluntario, será necesario que a solicite o debedor.

4. Cando as débedas estiveran en período executivo, o Alcalde-Presidente poderá ordear a compensación, que se practicará de oficio e será notificada ó debedor.

ARTIGO 75. Compensación de oficio de débedas de Entidades Públicas

As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un Ente territorial, Organismo Autónomo, Seguridade Social ou Entidade de dereito público, non rexéndose a súa actividade polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

ARTIGO 76. Procedemento

O procedemento a seguir para aplicar a compensación será o seguinte:

a. Unha vez comprobada o remate do período voluntario de cobranza, sen que a débeda se fixera efectiva, notificarase polo Servicio de Recadación ou Ente público debedor ó inicio do período executivo.

b. O Tesoureiro, comprobada a existencia de créditos a favor das Entidades debedoras, ben por Mandamentos pendentes de pago na Tesourería, ben por informe solicitado á Intervención, redactará a proposta de compensación.

c. A proposta de compensación, que incluírá detalle dos débitos recíprocos que se propón compensar, será comunicada á outra Entidade, dispoñendo ésta do prazo de dez días para formular as alegacións ou observacións que tivera por conveniente.

d. Transcorrido o prazo citado, a través de Resolución da Alcaldía, formalizarase a compensación proposta e notificarase dita Resolución, acompañando á mesma a documentación que proceda.

ARTIGO 77. Cobro de débedas de Entidades Públicas

1. Cando non fora posible aplicar a compensación como medio de extinción das débedas das Entidades Públicas reseñadas no artigo anterior, por non ostentar as mesmas crédito ningún contra o Concello ó ser este insuficiente, o Alcalde-

Presidente comunicará á Entidade Pública correspondente a débeda, a fin de que faga efectivas as cantidades debidas no prazo de tres meses a partir de dita comunicación.

2. Se transcorrido dito prazo, a débeda non se fixera efectiva, realizaranse as actuacións oportunas no ámbito administrativo ou xudicial.

3. As actuacións que, no seu caso, teñan que levarse a cabo, serán aprobadas polo Alcalde-Presidente e da súa resolución efectuarase notificación formal á Entidade debedora.

Capítulo IV : CRÉDITOS INCOBRABLES

ARTIGO 78. Declaración de crédito incobrable

1. Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de xestión recadatoria por algunha das seguintes causas:

a. Descoñecemento do paradeiro do debedor.

b. Carencia de bens do debedor susceptibles de embargo, sen prexuízo do establecido para o cobro das débedas dos Entes Públicos.

2. Cando se declararan fallidos os obrigados ó pago e responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescripción. A débeda quedará definitivamente extinguida se non fora rehabilitada naquel prazo.

3. Declarado fallido un debedor, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, se non existen outros obrigados ou responsables.

4. Controlarase a situación de insolvencia declarada, arbitrándose a tal efecto os medios necesarios.

ARTIGO 79. Xustificación

1. O Recadador documentará debidamente os expedientes, formulando proposta que, coa conformidade do Tesoureiro, se sometera á fiscalización da Intervención e aprobación do Alcalde-Presidente.

Conforme ó parágrafo anterior, o Recadador formulará proposta de crédito incobrable cando, ademais de constar no expediente a débeda, a providencia de constrinximento e providencia de embargo, se dean todas as condicións de calquera dos seguintes supostos, que quedarán debidamente xustificadas no expediente:

a. Intentado a notificación co resultado de descoñecido ou ausente en varios repartos en tódolos domicilios que figuren nos valores e no domicilio que consta no Padrón de Habitantes, resultando o debedor descoñecido.

§ Publicado no BOP

§ Non se dispón de NIF

§ Non se ten satisfeita a débeda nin se coñeceu ningún novo elemento.

§ Informe de que o contribuínte non figura inscrito en ningún Padrón Municipal.

b. Intentada a notificación polos medios e co resultado sinalado no apartado a) anterior.

Dispoñendo de NIF do debedor, intentouse o embargo de fondos en distintas entidades bancarias con resultado negativo.

Intentouse o embargo de salarios con resultado negativo.

Informe de que o contribuínte non figura inscrito en ningún Padrón Municipal.

c. Practicouse notificación válida.

O embargo de fondos en distintas entidades é negativo.

O embargo de salarios non é posible.

Non existen bens inscritos no Rexistro da Propiedade a nome do debedor.

Investigouse no Rexistro Mercantil con resultado negativo.

Informe de que o contribuínte non figura inscrito en ningún Padrón Municipal.

ARTIGO 80. Efectos

1. A declaración de créditos incobrables motivará a baixa en contas do crédito, aunque non impide o exercicio das accións contra quen proceda, en tanto non se extinga a acción administrativa para o seu cobro.

2. O Servicio de Recadación vixilará a posible solvencia sobrevida ós obrigados e responsables declarados fallidos.

INGRESOS EN PERÍODO VOLUNTARIO E EN VÍA DE CONSTRIXIMENTO**Capítulo Único****INGRESO DAS DÉBEDAS****ARTIGO 81. Ingreso**

O ingreso das débedas poderá realizarse:

- a. Na Tesourería do Concello.
- b. A través da Entidade de Depósito colaboradora.

ARTIGO 82. Lexitimación para realiza-lo pagamento

1. Ademais dos obrigados segundo dispón esta ordenanza, pode realiza-lo pagamento calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e aprobe, xa o descoñeza o obrigado a pagamento.

2. Para o pagamento das débedas correspondentes a bens e negocios intervidos ou administrados xudicialmente ou administrativamente estarán lexitimados os administradores designados.

3. En ningún caso o terceiro que pagase a débeda estará lexitimado para exercer ante a administración os dereitos que corresponden ó obrigado a pagamento. Sen embargo, poderá exercer-los dereitos quen derive ó seu favor exclusivamente do acto de pagamento.

ARTIGO 83. Lexitimación para recibi-lo pagamento

1. O pagamento da débeda deberá realizarse nas caixas municipais ou nas dos órganos ou persoas autorizadas no artigo seguinte desta ordenanza para admiti-lo pagamento.

2. Os pagamentos realizados a órganos non competentes para os recibir ou a persoas non autorizadas para iso, non liberarán ó debedor da súa obriga de pagamento, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde nas que incorra o perceptor indebido.

ARTIGO 84. Lugar de pagamento

1. A xestión da recadación dos tributos e demais ingresos de dereito público non tributarios do Concello desenvolverase baixo a dirección da Tesourería Municipal.

2. O importe das débedas ingresarase:

- a. Directamente na caixa da Tesourería.
- b. A través de entidades de depósito que presten o servizo de caixa nos locais do concello.
- c. A través das entidades colaboradoras na recadación.

3. Os ingresos realizaranse de luns a venres, agás os días non laborais. Os vencementos que coincidan cun sábado quedarán trasladados ó primeiro día hábil seguinte.

4. As entidades colaboradoras, así coma as que presten o servizo de caixa, realizarán os ingresos nos prazos, forma e soporte que estableza a Tesourería Municipal, de acordo coas normas do RGR e dos cadernos do Consello superior bancario. As devanditas entidades entregarán tamén os documentos necesarios para a xestión e seguimento dos anteditos ingresos.

ARTIGO 85. Ingresos a través de entidades de depósito que presten o servizo de caixa

1. Poden presta-lo servizo de caixa no Concello, por medio de oficinas abertas nos locais do Concello, aquelas entidades de depósito coas que, a proposta da Tesourería, así o conveña o concello.

2. Estas entidades poderán actuar tamén como colaboradoras na recadación.

3. O procedemento a seguir será o seguinte:

a. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades citadas tituladas "Concello de Arteixo. Conta restrinxida de Caixa".

b. Os ingresos nestas contas efectuaranse en efectivo a través dos medios que establece o artigo 59 desta ordenanza.

c. Diariamente, a entidade entregará á Tesourería Municipal relación xustificativa das cantidades ingresadas na conta restrinxida e os documentos acreditativos das débedas que corresponden.

d. O ingreso nas contas operativas do Concello das cantidades recadadas efectuarase cunha periodicidade mínima mensual.

ARTIGO 86. Ingresos a través de Entidades Colaboradoras

1. Poderán presta-lo servicio de colaboración na xestión recadatoria municipal as entidades de depósito autorizadas polo Concello de Arteixo. A prestación do servicio non será retribuída.

2. De establece-lo Concello limitación de número de Entidades Colaboradoras, resolverase dita limitación a través do correspondente concurso.

3. Se non se establece limitación, as entidades que queiran actuar como colaboradoras solicitarán autorización do concello a través da Tesourería Municipal. Xunto coa solicitude achegarán memoria xustificativa da posibilidade de recoller en soporte informático a información das operacións que teñan que realizar coma colaboradoras.

A Tesourería Municipal informará sobre a conveniencia de concede-la autorización solicitada, en función dos datos acreditativos da solvencia da entidade e da súa contribución ó servicio de colaboración na recadación. Para tal fin poderá recaba-los informes que considere oportunos.

Unha resolución da Alcaldía aceptará ou non o pedimento e determinará a forma e condicións de prestación do servicio. A resolución notificarase á entidade peticionaria e publicarase no BOP

A resolución deberá adoptarse no prazo de tres meses a contar desde a entrada polo Rexistro municipal da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que recaese resolución poderase entender desestimada a solicitude na forma e cos efectos previstos nos arts. 43 e 44 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. Con carácter previo á iniciación do servicio as entidades peticionarias deberanlle comunicar ó Concello os seguintes extremos:

- a. Relación de tódalas súas oficinas, o seu domicilio e a súa clave bancaria, dentro do término municipal.
- b. Data ou datas do inicio da prestación, que en ningún caso poderán exceder de dous meses, computados a partir do día do outorgamento da autorización.
- c. Toda variación referente a altas e baixas na operatividade das súas oficinas e cambios de denominación a que se vexan sometidas.

5. As entidades que posúan varias oficinas dentro do municipio relacionaranse co Concello a través da súa oficina principal.

6. A Tesourería Municipal efectuará o control e seguimento da actuación das entidades colaboradoras podendo ordena-la práctica de comprobacións sobre a súa actuación como entidade colaboradora nas súas oficinas ou nos locais da Tesourería Municipal. Ditas comprobacións poderán referirse ó exame da documentación relativa a operacións concretas ou extenderse á actuación de colaboración de ditas entidades ou das súas oficinas durante un período determinado de tempo.

Para a práctica das comprobacións, as entidades deberán poñer a disposición dos funcionarios designados ó efecto toda a documentación que os mesmos soliciten en relación coa actuación da entidade na súa condición de colaboradora e, en particular, extractos de contas correntes restrinxidas, documentos de ingreso e xustificantes de ingreso nas contas operativas do Concello. Así mesmo, deberán permiti-lo acceso ós rexistros informáticos da entidade respecto das operacións realizadas na súa condición de colaboradora.

7. Sen prexuízo das responsabilidades que en cada caso procedan, a Alcaldía a proposta da Tesourería, poderá suspender temporalmente ou revogar definitivamente a autorización outorgada ás entidades de depósito para actuar coma colaboradoras na recadación, restrinxir temporal ou definitivamente o ámbito territorial da súa actuación, ou excluír da prestación do servicio de colaboración a algunha das súas oficinas se por ditas entidades se incumprisen as obrigas establecidas na presente ordenanza e demais normas aplicables ó servicio, as obrigas de colaboración coa Facenda Municipal ou as normas tributarias en xeral e, en particular, cando se dean algunha das circunstancias mencionadas no art. 78.6 do RGR.

8. O procedemento a seguir será o seguinte:

a. Os ingresos realizaranse en contas restrinxidas abertas nas entidades citadas, tituladas “Concello de Arteixo, cta. Restrxinxida de colaboración na recadación”. Poderá establece-lo concello que ditas contas se leven con separación para os distintos tipos de ingresos.

b. Os ingresos nestas contas efectuaranse en cartos de curso legal e outros medios habituais no tráfico bancario polo importe exacto das débedas. A admisión de calquera outro medio de pagamento queda a discreción e risco da entidade.

c. As entidades colaboradoras admitirán ditos ingresos tódolos días que sexan laborais para as mesmas durante as horas de caixa, aboándoos seguidamente na conta restrinxida. Os vencementos que coincidan cun sábado consideraranse trasladados ó primeiro día hábil seguinte.

Cando os ingresos se efectúen en sucursais ou oficinas que poidan actuar directamente sobre as contas restrinxidas autorizadas, as autoridades disporán dun prazo de dez días para o seu aboamento en ditas contas restrinxidas, respectando en todo caso os prazos sinalados para a recadación de térselles comunicado.

d. Cando se trate de declaracións-liquidacións, o obrigado ó pagamento presentará ou remitirá á entidade colaboradora o xogo de impresos completo no que se conteñan aquelas.

e. Se o ingreso é consecuencia de liquidación practicada pola Administración Municipal e notificada ó obrigado ó pagamento, éste presentará ou remitirá á entidade colaboradora un “abonaré” ou “talón de ingreso” segundo o modelo establecido polo Concello.

f. A entidade colaboradora deberá esixir a consignación do número de identificación fiscal no documento correspondente, comprobando a exactitude do indicado número mediante o exame do documento acreditativo, que deberá ser esixido por quen presente o documento liquidatorio.

g. A entidade colaboradora chamada a admitir un ingreso para o Concello comprobará previamente ó seu aboamento en conta:

1. A coincidencia exacta do importe de aquél co que ha figurar no “total a ingresar” da declaración-liquidación ou “abonaré” ou talón de ingreso.

2. Que nos devanditos documentos se consignen o nome, domicilio do suxeito pasivo, número de identificación fiscal, concepto e exercicio ou período a que corresponde o devandito pagamento.

3. Que o ingreso debe surtir efecto ante o Concello.

Se resultase conforme a anterior comprobación, a entidade colaboradora procederá a estender, no documento destinado a tal efecto dos que compoñen a declaración-liquidación ou no “abonaré” ou “talón de ingreso”, certificación mecánica por medio de impresión de máquina contable ou manual por sinatura autorizada e, en todo caso, selo da entidade, sobre os seguintes conceptos: Data do ingreso, total ingresado, concepto, clave do banco ou caixa e de oficina, así coma que o ingreso se efectuou na conta restrinxida do concello.

h. Os obrigados ó pagamento, nos casos para os que se estableza que poden presentar documento de ingreso e declaración-liquidación xunto coa documentación complementaria en sobre pechado, farano de acordo coas normas seguintes:

v. Presentarán na entidade colaboradora o documento de ingreso ou devolución no que constarán os datos esenciais da declaración-liquidación formulada así coma a cantidade a ingresar ou devolver resultante da mesma.

a. Dita entidade comprobará se o documento de ingreso está debidamente cuberto e certificará o ingreso correspondente coas devanditas formalidades e requisitos. A entidade colaboradora conservará no seu poder o exemplar destinado a ela e entregará ó interesado os que lle correspondan.

b. O obrigado unirá á súa declaración-liquidación o exemplar para a Administración do seu documento de ingreso que, en sobre pechado, en cal anverso constará o seu nome e apelido, razón social ou denominación e concepto impositivo, entregará na propia entidade colaboradora para a súa remisión ó Concello.

i. O ingreso nas contas operativas do Concello das cantidades recadadas e o envío de documentos se efectuase cunha periodicidade mínima mensual.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DECLARACIÓN DE ALARMA OU EMERXENCIA E DEMÁIS SITUACIÓNS DE EXCEPCIÓN, DECLARADAS POLA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO OU DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1.- *Cando o feito impoñible obxecto das taxas, prezos públicos e demais ingresos de dereito público de competencia municipal resultasen restrinxidos ou limitados no seu normal desenvolvemento polas normas xurídicas dictadas, tanto pola Administración do Estado como pola Autonómica, con ocasión da declaración de alarma ou emerxencia e demais situacións de excepción, as ditas taxas, prezos públicos e demais ingresos de dereito público de competencia municipal poderán adaptarse ao alcance das restricións ou limitacións impostas por aquela normativa.*

2.- *Aos efectos do parágrafo anterior, previa elevación polo Alcalde, o Concello en Pleno pronunciarase sobre a adaptación proposta en cada caso*

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de novembro de 2020, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Arteixo, 26 de xaneiro de 2021

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Patricia Amado Varela (Concelleira de Economía e Facenda, Contratación, Turismo e Novas Tecnoloxías)

2021/599